



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 4/2018, ORDINARIA, 31 DE MAIO DE 2018

EXPEDIENTE: 2018/G003/000188

ASUNTO: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 2018/4

CARÁCTER: Ordinaria (xoves 31 de maio de 2018, ás 12:00 horas)

En uso da atribucións que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta o acordo plenario do 9 de xullo de 2015, polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno, convoco a correspondente ao mes de maio de 2018 para o xoves 31 de maio de 2018, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1. Aprobación das actas das dúas sesións anteriores (3/2018, extraordinaria, e 3bis/2018, extraordinaria e urxente, ambas as dúas do 08 de maio de 2018)
2. Ratificación de decretos de correccións efectuadas a requirimento da Deputación en proxectos de obras, incluídas na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, da Deputación Provincial da Coruña.
3. Corrección de erro material no expediente do orzamento xeral do Concello para 2018, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 8 de maio de 2018.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 4.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 5.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 6.-Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución a todos/as os sres/as. concelleiros/as da Corporación, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval